

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. O informe anual que emite o Tribunal de Contas o remite a:

- A) Ao goberno
- B) Ás Cortes Xerais
- C) Ao Tribunal Constitucional
- D) Ao Defensor do Pobo

2. Segundo o disposto no artigo 8 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que maioría será necesaria para aprobar a lei de Galicia que fixe a sede das institucións autonómicas?

- A) Maioría absoluta dos membros do Parlamento
- B) Maioría cualificada das tres quintas partes dos membros do Parlamento
- C) Maioría cualificada das dúas terceiras partes dos membros do Parlamento
- D) Maioría simple dos membros do Parlamento

3. O Fiscal Xeral do Estado será nomeado polo Rei, a proposta de (artigo 124.4 Constitución):

- A) Das Cortes Xerais
- B) Do Consello Xeral do Poder Xudicial
- C) Do Congreso dos Deputados
- D) Do Goberno

4. O artigo 2 da Constitución Española recoñece:

- A) O dereito á autonomía das nacionalidades e rexións.
- B) O dereito á autodeterminación das Comunidades Autónomas.
- C) O dereito á autonomía das Comunidades Autónomas.
- D) O dereito á autodeterminación das nacionalidades e rexións.

5. Para os efectos do Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 3 establécese que terán a condición política de galego se así o solicitan:

- A) Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia
- B) Os cidadáns españois residentes no estranxeiro que tivesen a última veciñanza administrativa en Galicia e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España
- C) Os descendentes dos anteriores, inscritos como españois, na forma que determine a Lei do Estado.
- D) Todas as respostas son correctas

6. Quen promulga as leis de Galicia (artigo 13 do Estatuto de Autonomía de Galicia)?

- A) O Rei en nome do presidente do Goberno
- B) O presidente da Xunta en nome do Rei
- C) O Rei en nome do presidente da Xunta
- D) O presidente da Xunta en nome do presidente do Goberno

7. Segundo o establecido no artigo 147 da Constitución Española, a reforma dos estatutos de autonomía:

- A) Axustarase ao procedemento establecido neles e requirirá, en todo caso, a aprobación polas Cortes Xerais, mediante lei orgánica.
- B) Requirirá a aprobación do Congreso mediante lei ordinaria.
- C) Axustarase ao procedemento establecido neles e requirirá a aprobación por maioría de 3/5 dos membros do Parlamento autonómico.
- D) Axustarase ao procedemento establecido neles e requirirá, en todo caso, a aprobación polas Cortes Xerais, mediante lei ordinaria.

8. ¿A quen lle corresponde disolver o Parlamento de Galicia?

- A) Ao Presidente da Xunta como supremo representante da Comunidade Autónoma
- B) Ao Consello da Xunta previa deliberación dos seus membros
- C) Ao Presidente da Xunta baixo a súa exclusiva responsabilidade e previa deliberación do Consello da Xunta
- D) Ao Consello da Xunta mediante Decreto que fixará a data das eleccións

9. Aprobado un proxecto de lei orgánica ou ordinaria polo Congreso dos Deputados, o Senado pode no prazo de dous meses opoñer o seu veto ou introducir emendas a este. Segundo o establecido no artigo 90.2 da Constitución Española, que maioría é necesaria para aprobar o veto?

- A) Maioría absoluta dos membros do Senado
- B) Maioría simple dos membros do Senado
- C) Maioría de 3/5 dos membros do Senado
- D) Maioría de 2/3 dos membros do Senado

10. A Constitución Española establece que as prestacións patrimoniais ou personais de carácter público:

- A) Están prohibidas
- B) Só poderán establecerse con arreglo á lei
- C) Veñen recollidas dentro da Sección I do Capítulo II
- D) Estableceranse mediante lei orgánica

1. O artigo 75 da Constitución establece que as Cámaras poderán delegar nas Comisións Lexislativas permanentes a aprobación de proxectos ou proposicións de lei, quedando exceptuada da devandita delegación:

- A) A reforma constitucional, as cuestións internacionais, os decretos leis e os decretos lexislativos
- B) A reforma constitucional, as cuestións internacionais, as leis orgánicas e de bases e os Orzamentos Xerais do Estado
- C) A reforma constitucional, as materias tributarias, as leis orgánicas e de bases e os Orzamentos Xerais do Estado
- D) A reforma constitucional, as materias tributarias ou de carácter internacional, as leis orgánicas e as leis de bases

2. Quen ostenta a representación ordinaria do Estado en Galicia?

- A) O presidente da Xunta
- B) O presidente do Goberno
- C) O presidente do Parlamento
- D) O delegado do Goberno